

ID#557

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

Informantes: Francisco (39), Eduardo (pandeireta, 70) e Manuel (gaita, 52)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

... home mediano
vaiteme de aí Xerardo
esparto asturiano.

Muiñeira

Os dalá darriba
cando van co gando
espetan a vara
e bailan o tango
e bailan o tango
e a muiñeira
os dalá darriba
non hai quen os queira.

193b

Este pandeiro que toco
este que teño na manhe
era de miña cuñada
da muller de meu irmánhe
ai la.

Os dalá darriba...

203

Este pandeiro que toco
é de pelexo de ovella
que morrió de murríña
que de morriña morrera
ai la.

Mira, Maruxiña,
mira, como veño
cunha borrachera
que xa non me teño
como me hei de ter-e
veño da taberna
veño de beber-e.

587

O ghãiteiro de Neaño
fui tocar a Santa Marta
deronlle café ie copa
despois tocaronll'a ghaita ai la la.

Os dalá darriba...

Audio de procedencia: MPG_SchSa_0136_002_en_Ponteceso_I_1_180_id557

ID#557



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

/:Miña monteira garrida:/
mil veces me tés cuberto
/:aquí por Neaño arriba:/
Ai la la lala lai la la la

/:No inferno hai unha festa
que lla fan ós condenados:/
o demo toc'ò pandeiro
cos dentes arreghañados
Ai la...

A se cant'eu seichi tocar,
eu se canto é porque quero
os gaiteiros de Neaño
ei lo lareló, lo lareló,
e se non ard' o canelo
Ai la la...

/:Se queres aquí, aquí-e
se queres alá, ialá-ia:/
se queres na carballeira
/:na carballeira será-ie:/
Ai la...

/:Unha vella dix' a outra
polo burato da porta :/
“ti ghobern' à túa vida,
/:a miña nada ch'importa.”:/
Ai la la...

Cando canto tócame a min bem
E porque...
Ti vai't'a ve-lo gaiteiro
/:que en Neaño está tocando:/
Ai la la...

Fun ó muíño d'abaixo
e volvín polo d'arriba
s'o dabaixo ten ferrollo
o d'arriba caravilla.
Ai la la...

Oca, ghaiteiriño, toca
queira Dios por moitos anos,
viv' a fest' e o ghaiteiro
cos ghaiteiros de Neaño.

ID#557



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Ábreme la puerta
adorado clavel,
ábreme la puerta
que te venco a ver
Inés, Inés i nacita Inés.

E si vas ó prado
heiche d'ir ergher
dareich' un abrazo
se es do meu querer.

Inés...

Muiñeira

O río cando vai cheio
leva carballos e follas
tamén podía levar-e
/: las lenguas marmuradoras :/
Ai la la la ai la la

Xa non tén ferriñas
ferriñas non tén
xa non tén ferriñas
a mais toca ben.

Hei d' ir a Montevideu-e
unque sea por un ano
unque non traia diñeiro
/: siempre fun amaricano. :/
Ai la la la ai la la

/: Xa non tén xa non tén :/
xa non tén ferriñas
ferriñas non tén
/: ferriñas non tén :/
xa non tén ferriñas
e mais toca ben.

/: Amaricano da porra
xa... pantalón-he:/
desembarcaches na Cruña
con dous ou tres patacónse

Xan non tén ferriñas...

ID#557



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

O carballo da Portela
tén tres carros de madeira
un é meu ioutro é teu-e
outro é de quen o queira.

Xan non tén...

Sei arar cun bo arrado
poñer direit' à rabela
“iatrás Roxa mais un pouco,
báixat'ó regho Marela”

He andado por muchas terras
por Sevilla y Aragón
e nunca he visto un gható
vestido de pantalón.

O muíño anda e anda
a iaugha faino andar
e a filla do muiñeiro
rabea por se casar.

Arrabeas por que canto
porque ríó muito máis,
teño de cantar e rir
para que arrabees máis.

Eu por ti poñerei luito
de bāeta colorada
eu por ti poñerei luito
ti por min non poñas nada.